

COMENTARIO DUN DEBUXO

Calquera peza de arte debe ser estudada comprendendo o seu significado (simbología e contexto), os aspectos técnicos e compositivos da realización física da obra, son só unha parte.

Os puntos que debemos abordar para un comentario completo son:

1. Análise formal.

Autor/a, título, data, dimensións, técnica

2. Análise conceptual.

Debemos ter en conta tamén que a interpretación da obra pode mudar segundo o contexto político, económico, social, cultural... Un mesmo tema ou asunto¹, pode ter interpretación distintas, incluso opostas segundo o contexto local ou temporal.

Un dos aspectos importantes a ter en conta para comprender unha obra é a iconografía. Para un estudo iconográfico temos que atender a tres niveis:

- a) Preiconográfico, onde identificamos o que está representado.
- b) Iconográfico, onde se reconece no que está representado o que iso significa.
- c) Iconolóxico, onde descubrimos cal é o interese do autor/a, é dicir, que mensaxe nos transmite con eses significados que descubrimos previamente no nivel anterior.

3. Análise técnico.

Pormenorizar os aspectos plástico-compositivos.

Importancia da mancha, liña, cor, volume, textura, composición, formato.

4. Análise estilístico.

Relación da peza que se estuda cos estilos artísticos tipificados, influencias que poidera ter, relación cos estilos contemporáneos á peza e posibles influencias posteriores.

5. Análise historiográfico.

Estudo do autor/a e do seu tontexto histórico-cultural.

Outra forma de chegar a estes niveis de análise é facerse as preguntas:

Que?, Quen?, Cando?, Onde?, Porque?, Como?, Para que?. Sempre que esas respostas non sexan excesivamente simples.

1 Ao falar de tema é interesante incluír o concepto de “alegoría” ou “emblema”. Entendemos por estes termos a representación simbólica de ideas abstractas, persoas ou lugares por medio de obxectos ou atributos. Estes obxectos ou atributos aportan información sobre